

A construcción da nova sede parroquial

Por fin chegou o momento e, despois de moitos anos de espera e do esforzo de todos aqueles que me precederon na Presidencia desta Comunidade, o día 2 de maio iniciáronse as obras para a construcción do que será o epicentro da cultura da parroquia e que colma as ansias de todos os veciños, pero antes, o día 14 de Abril, día no que se conmemora o triunfo da Segunda República en España, firmamos co Concello de Pontevedra o convenio para o financiamento da obra.

Pois ben, ese día deron comezo as tarefas de demolición do que era coñecido como o Local Social Recreativo de Lérez, construído no ano 1933 pola Asociación Juventud Lerezana e logo espoliado polo franquismo. As primeiras obras consistiron na retirada do tellado de madeira e na demolición das paredes, traseira e lateral, do edificio e permanecendo a fachada pois ten a consideración de elemento a conservar por patrimonio. Para a súa conservación no mesmo lugar houbo que apuntalar a mesma con cerchas de ferro e a continuación procedeuse a escavación do lugar para acadar a cota da estrada.



Posteriormente, unha vez rematados estes traballos previos, o 16 de xuño procedeuse ó acto simbólico da colocación da primeira pedra para a construcción da nova sede das asociacións da parroquia; a este acto asistiron moitos veciños da parroquia, ansiosos de ver como se ían dando pasos para este fin e estivo presidido polo alcalde de Pontevedra Miguel Anxo Fernández Lores, entidade que colabora subvencionando nun 65% o custo total da obra.



De inmediato, a empresa adxudicataria da obra Construcciones Outón, púxose mans á obra e cunha profesionalidade e unha entrega de agradecer, empezaron coas cimentacións e de seguido coa estrutura estando esta totalmente rematada na segunda semana do mes de setembro, pero simultaneamente foron traballando nas divisións interiores e, a día de hoxe, podemos dicir que unha parte moi importante da obra xa está feita, pois temos todo o cerramento exterior acabado, á falla só de colocar a fachada de madeira e, polo interior, temos concluída a distribución dos espazos e a escalaera xa está rematada en todo o seu percorrido, polo que podemos augurar que, tal e como tiñamos previsto, poderemos disfrutar de tódalas instalacións a partir do mes de marzo do ano vindeiro. Dende ese momento, todos e todas a través das asociacións da parroquia, teremos que darlle contido e facer deste lugar un referente da cultura de Pontevedra, como así confío dada a gran actividade da nosa parroquia.

Polo tanto só cumpre felicitarnos a todos e a todas por ver pronto cumplida un ansia tan esperada para que alá polo mes de marzo todos participemos nos actos de inauguración do novo centro cívico de Lérez.